



O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria do día 30 de abril do ano 2014 adoptou, entre outros, este acordo:

2.6465.- **ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA A XESTIÓN E PROMOCIÓN DO PROXECTO “POUSADAS DO SALNÉS” DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA**

O proxecto “Pousadas do Salnés” é unha actuación da Deputación Provincial de Pontevedra para a creación dun produto turístico accesible e sostible na comarca do Salnés da provincia de Pontevedra. Está cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) e pola Deputación Provincial de Pontevedra e pretende dar resposta á necesidade de diversificar a oferta turística nesta comarca, motor turístico das Rías Baixas, mediante a creación de 5 establecementos turísticos totalmente accesibles, a apertura de varias rutas nas marxes de diversos ríos da Comarca e a recuperación de escavacións arqueolóxicas. Todo, enfocado ó disfrute de todos e promovendo un turismo sen barreiras que pretende converterse nun referente de ámbito internacional.

Os elementos que conforman o proxecto Pousadas compóñense dos seguintes inmobles:

a) “Pousadas”: catro (4) establecementos hoteleiros situados en concellos diferentes cunhas características diferenciadoras dos demais en función dos seus clientes obxectivo (Praia, viño, rutas e cultural):

- Pousada “A Lanzada” (O Grove).
- Pousada “O Outeiro de Covas” (Meaño).
- Pousada “Ribadumia” (Ribadumia).
- Pousada “A Armenteira” (Meis).

b) Centro de Ocio e Termalismo (*Salutem Per Aqua*): un moderno establecemento no cal se poden mesturar a saúde e o ocio. Situado no concello de Ribadumia, construído ó lado da Pousada “Ribadumia”, e integrado con esta, é un lugar onde o hóspede poderá disfrutar dun tempo de relax e ocio que farán inesquecible a súa estancia. Aínda que é un dos servizos común ás “Pousadas”, o seu uso non estará condicionado ó hóspede dalgunha delas, senón que será de libre acceso ó público.

Resultando que o anuncio de licitación publicouse no Boletín Oficial da Provincia número 235, de data 9 de decembro de 2013, publicándose tamén a convocatoria no Boletín Oficial do Estado número 297, de data 12 de decembro de 2013, e no Boletín Oficial das Comunidades Europeas, número de referencia, 2013/S 243-423004, o día 14 de decembro de 2013.

A Mesa de Contratación de data 25 de febreiro de 2014 acorda, por unanimidade,

propor ó órgano de contratación declarar deserto o procedemento aberto da concesión demanial para a xestión e promoción do proxecto "Pousadas do Salnés" por non presentarse ningunha empresa que acreditase os requisitos de solvencia mínimos esixidos.

Á vista do exposto, e considerando o artigo 93 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, o Pleno da Corporación, en sesión de 28 de febreiro de 2014, declarou deserto o procedemento aberto e acordou iniciar un procedemento negociado para outorgar a concesión solicitando propostas, polo menos, a tres empresas capacitadas e con solvencia suficiente sempre que iso sexa posible.

Resultando que por Resolución Presidencial con número de rexistro 2014008905, acordouse convidar a presentar proposición ás seguintes empresas:

- Grupo Mas Costas Club Spain, S.L. (B-36.517.969)
- Millán Servicios Turísticos, S.L. (B-76.048.453)
- STC Serveis Turísticos, S.L. (B-61.878.963)
- Rafael Hoteles, S.A.U. (A-80.239.007)
- Arlea Hotels, S.L. (Grupo Hotusa) (B-64.562.770)

Resultando que a Mesa de Contratación, na reunión que tivo lugar o 25 de abril de 2014, procedeu á cualificación da documentación xeral presentada no sobre A polo único licitador que optou á concesión, a empresa Arlea Hotels, S.L., nese mesmo acto, a Mesa de Contratación procedeu á apertura do sobre B correspondente á documentación técnica valorable mediante criterios non avaliábles mediante fórmulas, tal e como prevé o artigo 27 do Real Decreto 817/2009, polo que se desenvolve parcialmente a Lei de Contratos do Sector Público. Concluída a apertura do sobre B, procédese á apertura do sobre C, dos criterios avaliábles mediante fórmulas.

Remitida a proposta de Arlea Hotels, S.L. ó Servizo de Turismo Rías Baixas para a súa valoración de conformidade cos criterios de adxudicación.

Visto o informe da Xefa de Servizo de Turismo Rías Baixas de data 26 de abril de 2014, do que se traslada que de conformidade cos criterios de adxudicación establecidos nos pregos, a oferta presentada por Arlea Hotels, S.L. obtén na primeira fase da negociación unha puntuación total de 56,51 puntos e que cumpre co esixido nos Pregos que rexen a contratación.

Resultando que polo Servizo de Contratación iníciase a segunda fase do procedemento convidando á empresa a mellorar a proposta presentada, unicamente, nos seguintes aspectos económicos e técnicos:

- Orzamento máximo do mobiliario a adquirir pola Deputación, previa a licitación do correspondente contrato de subministración, para ese efecto.
- Prazo inicial da concesión.

- Porcentaxe ofertada dos beneficios para satisfacer como canon.
- Días adicionais de apertura.
- Prazo para a posta en funcionamento e apertura da totalidade das instalacións.

Finalizada a segunda fase de negociación e visto o informe emitido pola Xefa do Servizo de Turismo Rías Baixas de data 28 de abril de 2014, no que establece que avaliados os aspectos económicos e técnicos a negociar mellorados pola empresa e tendo en conta a puntuación nos criterios non avaliados de forma automática, na segunda fase do procedemento negociado Arlea Hotels, S.L. obtén unha puntuación total de 67,69 puntos.

En base ó anteriormente exposto, na reunión que tivo lugar o 28 de abril de 2014, a Mesa de Contratación propón adxudicar á empresa Arlea Hotels, S.L. a concesión demanial para a xestión e promoción do proxecto “Pousadas do Salnés” da Deputación de Pontevedra, elevando a súa proposta ó órgano de contratación.

Resultando que a empresa Arlea Hotels, S.L. (Grupo Hotusa) (B-64.562.770), presentou a documentación requirida mediante Resolución Presidencial de 28 de abril de 2014, de conformidade co disposto no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (modificada pola Lei 14/2013 de 27 de setembro de apoio ó emprendedor), e entre a que se atopa o compromiso de constituír unha garantía por importe de 400.490,84 euros.

Considerando que a disposición adicional segunda do TRLCSP, no seu apartado 2, faculta ó Pleno da Corporación para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento, concretamente na Base 16ª. 3 onde figura que lle compete ó Pleno da Corporación as concesións sobre os bens da Corporación.

O Pleno da Corporación, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Turismo, acorda por maioría de votos a favor do PP, cos votos en contra do PSdeG-PSOE e coas abstencións do BNG:

Adxudicar á empresa Arlea Hotels, S.L. (Grupo Hotusa) (B-64.562.770) a concesión demanial para a xestión e promoción do proxecto “Pousadas do Salnés” da Deputación de Pontevedra de acordo ó seguinte detalle:

- Prazo inicial da concesión: 12 anos.
- Porcentaxe dos beneficios obtidos en cada exercicio, antes de impostos, a satisfacer como canon: 11%.
- Número de días adicionais de apertura ofertado a maiores dos mínimos esixidos: 50 días naturais.

- Achega económica a realizar pola Deputación de Pontevedra para a realización das actuacións necesarias para a posta en funcionamento das Pousadas e instalacións complementarias: 1.436.351,33 euros.


- Prazo para a posta en funcionamento e apertura da totalidade das instalacións: 8 semanas.

A concesión demanial para a xestión e promoción do proxecto "Pousadas do Salnés" estará condicionada ó cumprimento de todos os compromisos adquiridos e á formalización do contrato por parte da empresa adxudicataria.

O que lle comunico a Vde. para o seu coñecemento e efectos, coa salvidade que establece o art. 206 do ROF.

Pontevedra, 6 de maio do ano 2014

O Secretario,



Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó desta notificación (artigos 107 e 117 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada por Lei 4/1999, de 13 de xaneiro) ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra segundo o disposto no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa e, todo iso, no prazo establecido no artigo 46 da citada Lei.

Todo iso sen prexuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

**CONTRATACIÓN.-**